

“Hai cadeas emocionais que nos impoñemos. Ao rachar con elas, temos que reconstruírnos”

Montse Dopico 05/05/2014 Por fóra

Berta Dávila está a converterse nunha das escritoras novas máis recoñecidas do país. Acaba de engadir dous galardóns máis á listaxe non pequena de premios que xa tiña.



Berta Dávila. Foto: Paco Rocha

Berta Dávila gañou o Premio da Crítica Galega e o Premio de Poesía da AELG con ‘Raíz da fenda’, unha obra nada da perda, do desamparo que provoca a morte dun ser querido. A lectura deste libro suxerírame, no seu momento, unha procura. A doutras obras da nosa literatura xurdidas desa fractura vital que é a ausencia das persoas que queremos. O resultado foi unha reportaxe que publiquei no Faro da Cultura e que recupero hoxe.

....

Se a literatura é catarse, como se entendeu desde Aristóteles, a perda dun ser querido é, sen dúbida, unha das maiores fendas emocionais que a escrita pode tentar sandar. A conciencia da morte percorre, quírase ou non, a espiña dorsal de calquera sistema literario. O que non é xa tan habitual é que a súa pegada se exprese en termos de canto elexiaco. “Desde logo o tema da literatura elexiaca é dos máis infrecuentes. Sendo que á vez é tamén dos que nunca faltan, o certo é que sempre ocupa unha posición marxinal ou tanxencial, por unha casuística concorrente: os interesados nese produto literario representan un universo moito máis reducido que no resto da literatura de creación, e o/a autor/autora ten que dar un paso decisivo consistente en trascender a esfera a da privacidade na cal compartiu experiencias vitais coa persoa homenaxeada”, reflexiona o crítico Xosé Manuel Eyré.

Malia a súa dificultade, a temática deu interesantes obras da nosa literatura. A propia Rosalía escribiu algunha elexía, como as dedicadas a Sir John Moore, a Inés de Castro ou a Luís de Camões. “Eu teño especial querencia por ‘A frecha azul do teixo’, de Eva Veiga. Todo o poemario e unha elexía á morte da nai. Profundo, sutil e moi fermoso”, apunta o profesor Xosé Antonio López Silva. Nesa mesma liña poderían situarse dous poemarios de recente aparición, ‘Sol de medianoche’ de Luz Pozo Garza e ‘Raíz da fenda’ de Berta Dávila. Varias fisuras vitais atópanse na orixe deste último: a morte da avoa, a enfermidade da amiga e o desamor, fundamentalmente. No caso do de Luz Pozo, foi o falecemento dunha neta.

A intemperie causada pola perda é, en ‘Raíz da fenda’, xermolo da redefinición de nós mesmos xa que, “se nos definiamos en función do que perdemos, temos que preguntarnos outra vez quen somos”, explica Dávila. A primeira fractura que enfrenta este libro é a da pertenza, a da estirpe, a do membro da familia que falta. “Familia supón o legado transmitido que determina quen somos,

pero esta herdanza é tamén unha imposición. E a súa ruptura implica a busca da propia identidade”, subliña. O desamparo, o abandono, o desamor, é tamén punto de inicio en ‘Raíz da fenda’. Porque “hai cadeas emocionais que os suxeitos nos impoñemos, e que acaban por afogarnos. Cando rachamos con elas, o suxeito ten que reconstruírse, procurarse”, indica.

A autora publicará publicou tamén ‘O derradeiro libro de Emma Olsen’, gañador do Premio de Narrativa Breve de Repsol, que explora nos lindes, nas fronteiras vitais, nas mudanzas de ciclo, desde a experiencia dunha enfermidade terminal. A doenza e a morte sitúanse tamén na orixe de ‘Sol de medianoche’, o poemario no que Luz Pozo dialoga sobre a vida coa súa neta como o facía antes da debacle. Polos versos desfilan algunha das imaxes máis coñecidas da poeta, como a flor de loto, ademais dos seus temas habituais: a alma, o amor, a divindade, a unidade cósmica... O texto integra ademais referencias filosóficas que forman parte das conversas con Natalia, até o ascenso desta ao alén, polo que o libro está marcado, como o de Dávila, pola esperanza.

Mais hai moitos xeitos de facer elexías, como mostran os exemplos citados por López Silva: de ‘Río Alzheimer’ de Carlos Pereira a ‘Tempo de elexía’, de Novoneyra, ou ‘Poemas últimos de amor e enfermidade’ de Lois Pereiro, ‘Á morte de Castelao’, de Cabanillas ou o obituario que Cunqueiro publicou en ‘La Noche’, a ‘Elexía ao Che Guevara’, de Lueiro Rey publicada na edición de Alonso Montero de ‘16 poemas galegos para el Che Guevara en contra a sua morte’ ou as elexías de Ferrín, como ‘Os líderes mariñeiros que fuxiron na dorna e morreron no Atlántico’, na antoloxía de Heriberto Bens.

Eyré e López Silva coinciden en sinalar títulos cuxa razón de ser non é, necesariamente nin en exclusiva, a perda dun ser querido. “Títulos como ‘A Veiga é como un tempo distinto’ (Eva Veiga), ‘Fisteus era un mundo’ (Lupe Gómez) ou mesmo o Xubia-Neda (Vicente Araguas) poden considerarse literatura elexíaca se admitimos como tal a que homenaxea un tempo e un lugar que xa non son como eran”, asegura Eyré, que tamén aprecia “inspiración elexíaca” en ‘Dark Butterfly’ de Rexina Vega. Ao seu ver, ‘Polos fillos dos fillos’ de Xosé M. Sarille, dedicado ás vítimas do franquismo, é neste sentido o “título inesquecible”.

Silva lembra o poema ‘A crónica ferida. Elexía menor’ de Avilés de Taramancos, o Pranto Matricial de Paz Andrade ou as Elexías á miña vida pequeniña, canto á infancia de Manuel María. Tamén a ‘Elexía nunha escuridade mortal’ de Darío Xohan Cabana, publicada pouco antes de morrer Franco e non precisamente para choralo, ou as elexías a Lois Pereiro de Manuel Rivas e Lino Braxe. Ou ‘Elexías’ de Vicente Piñeiro. Se non se restrinxen a temática á conmemoración da persoa desaparecida, a listaxe podería ser moito maior. Boa parte da obra de Olga Novo, por exemplo, podería ser lida como elexíaca. Non hai que esquecer, tampouco, títulos como ‘Pan de ánimas’ de Xoán Abeleira, ‘O libro de Alicia’, de Olalla Cociña ou ‘Xardín de inverno’, de Leticia Costas.

Publicada no Faro da Cultura do Faro de Vigo o 20/02/2013